CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - O papel das academias no século XVIII. O Neoclasicismo. - Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista. - A pintura impresionista. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
11	Arte da primeira metade do século XX	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	Responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte da primeira metade do século XX e as súas diversas formas de manifestación.	PE	80
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.	TI	20
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.aspectos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sustentable de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - Vangardas e novas formas de expresión. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade. - A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital. - Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX. - Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte.

UD	Título da UD	Duración
12	Arte da segunda metade do século XX e actual	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	Responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte da segunda metade do século XX e as súas diversas formas de manifestación.	PE	80
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.	TI	20
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sustentable de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Realiza as tarefas, proxectos, lecturas e comentarios propostos con respecto á presente UD, cun nivel mínimo de consecución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade. - A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital. - Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX. - Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte. - Arquitectura, urbanismo e deseño sustentable. A contribución da arte aos obxectivos de desenvolvemento

Contidos

- sustentable. Arte e ambiente.
- O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sustentables. Museografía e museoloxía.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e os ritmos de aprendizaxe do alumnado. Debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e nos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia incorporan tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar o alumnado na aprendizaxe para que adquira as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas cognitivos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo propio profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que o invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que o obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos da materia, o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

De acordo co anterior, as metodoloxías concretas que se empregarán nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións propostas.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no que as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e a análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións escritas e orais.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico esixindo uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais como nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes culturais do mundo actual.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e as carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendemento, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais...

Ao inicio de cada unidade didáctica expóñanse os instrumentos de avaliación que se van aplicar, e a súa ponderación, deixando claros os obxectivos concretos mínimos. Farase tamén unha introdución a cada unidade didáctica activando

os coñecementos previos do alumnado. Xa logo se desenvolverán as actividades e os proxectos propios da unidade didáctica. Ao final, farase un resumo ou síntese final dos contidos e os procesos traballados.

Nas aulas o alumnado traballará en tarefas individuais e grupais.

Proporase a avaliación cunha ampla variedade de situacións, e informárase puntualmente ao alumnado, individual ou colectivamente (no seu caso, cunha visión global), dos resultados obtidos, ofrecendo en cada caso propostas de mellora.

Como contribución ao Plan lector do centro, propónse a lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e outros textos.

Como contribución ao Plan dixital, propónse o uso de material audiovisual nas clases expositivas e, sobre todo, dotárase a aula virtual de todo tipo de material audiovisual que facilite o proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia tamén pretende contribuír a outros plans incluídos no Proxecto educativo do centro como o Plan de actividades do Departamento de orientación, o Plan de acción tutorial, o Plan de atención á diversidade ou o Proxecto lingüístico de centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual
Apuntamentos e presentacións
Libro de texto
Caderno/Portfolio do alumnado
Libros de lectura

Para a o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe, nesta materia contarase cos recursos indicados no alíñado anterior, ao respecto dos que cómpre indicar:

- Aula virtual: a persoa docente creará o seu propio curso virtual, no que se subirán os apuntamentos, as presentacións e os materiais relacionados coa materia. O alumnado ten a obriga de consultar as actualizacións desta aula con regularidade. De non dispor medios electrónicos para facelo na casa, o centro conta con ordenadores na área de biblioteca e no espazo de Polos Creativos para tal fin.
- Apuntamentos e presentacións: elaborados polo docente; conterán todos os contidos teóricos e recursos visuais relacionados coa materia. Estes serán os materiais básicos para preparar as probas e, en xeral, a materia. Estarán dispoñibles a través da aula virtual.
- Libro de texto: é un apoio para o alumnado que desexa mercalo. O manual de referencia da materia será debidamente publicitado na web do centro.
- Cardeno/Portfolio do alumnado: o alumnado utilizará o seu propio caderno/portfólio de traballo, que será supervisado polo profesorado.
- Libros de lectura: proporáse unha serie de libros de lectura ao alumnado; estes poden ser obxecto dun control de lectura que será ponderado dentro do 20% relativo a proxectos, actividades e libro de lectura en cada avaliación (non ten por que haber un control por avaliación; dito aspecto irase vendo en función de como avance a materia e da carga que teña o alumnado).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial resulta de enorme importancia para a persoa docente de cara a coñecer o punto de partida do seu alumnado e poder así tomar as decisións necesarias para contextualizar e optimizar o proceso de ensino e aprendizaxe que se desenvolva. Por ese motivo, debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada un dos/das estudantes que o integran. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

Esta actuación terá lugar durante as primeiras semanas do curso e comprenderá dúas actuacións:

- A observación por parte do docente do grupo-aula e dos alumnos e alumnas a nivel individual, formulando preguntas e analizando a calidade das súas respostas.
- A realización dunha proba de nivel que avaliará catro aspectos relacionados coa materia que temos entre mans e co ámbito educativo en xeral, a saber: 1) Cultura artística, 2) Coñecemento da cronoloxía artística, 3) Ollada artística (capacidade de análise e de discurso) e 4) Intereses persoais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	8	8	9	8	9
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	9	8	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

A materia divídese en tres avaliacións. A cualificación de cada avaliación será o resultado do seguinte cálculo:

- Proxectos, cuestionarios na aula virtual, actividades na aula e traballo diario: 20%
- Probas escritas sobre os contidos curriculares (dúas por avaliación, similares en estrutura ao modelo PAU, podéndose limitar a opcionalidade): 80%

Considérase aprobada a avaliación cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación dá 5 ou máis de 5.

A cualificación final ordinaria do curso será a nota media das tres avaliacións, tendo todas o mesmo peso e substituíndo as cualificacións suspensas pola nota das recuperacións.

Considérase aprobada a materia cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación dá 5 ou máis

de 5.

Tanto na cualificación das avaliacións como na final só se pode reflectir a nota cun número enteiro. Polo tanto, contémplese o seguinte redondeo: se a nota resultante, con decimais, é igual ou supera o 0'5, redondearase ao enteiro superior; se é igual ou inferior a 0'49, redondearase ao enteiro inferior. Así pois, o alumnado que obtivese un 5'49 ou menos terá un 5; o alumnado que obtivese un 5'5 ou máis, terá un 6.

Se algún alumno ou alumna é descuberto copiando nun exame, valoraráselle cun 0 en dita proba.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acadara a nota mínima de aprobado nunha avaliación poderá presentarse a unha proba de recuperación PARCIAL. Nesta serán obxecto de exame os contidos das UD's que se impartisen en dita avaliación. Esta proba realizarase ao final da terceira avaliación; é dicir, no terceiro trimestre.

A nota que se obteña en devandita recuperación suporá o 100% da nota da avaliación a recuperar, substituíndo á cualificación suspensa (sempre que sexa superior) e será a que compute para o cálculo da cualificación final ordinaria do curso.

O alumnado que non acadara a nota mínima de aprobado en dúas ou máis avaliacións poderá presentarse a unha proba de recuperación GLOBAL (Avaliación final ordinaria). Nesta serán obxecto de exame todos os contidos impartidos na materia. Esta proba realizarase no mes de maio.

A nota que se obteña na devandita recuperación suporá o 100% da cualificación final ordinaria do curso (sempre que sexa superior á obtida anteriormente). Este considerarase superado polo alumnado que obteña unha nota igual ou maior a 5 na mesma.

Poderá facer voluntariamente a proba de recuperación global o alumnado que desexa obter máis nota da acadada polo procedemento ordinario; de obter unha nota inferior, manterase a cualificación da ordinaria.

O alumnado que non acadara a nota mínima de aprobado logo das recuperacións terá o dereito a realizar unha proba escrita similar á final ordinaria (AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA). Esta terá lugar no mes de xuño e suporá o 100% da cualificación da materia. Aprobárase o alumnado que obteña unha nota igual ou superior a 5 na mesma.

Os criterios de redondeo son os mesmos que os que figuran nos criterios de cualificación desta mesma PD.

Todas as probas de recuperación serán similares en estrutura ao modelo PAU.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade, tal e como se concretan desde este Departamento, son actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta ás necesidades educativas do alumnado.

Na avaliación previa, e en coordinación coa xunta de avaliación do alumnado e o Departamento de orientación, desenvolveranse as seguintes medidas no caso de ser precisas:

Medidas ordinarias:

Destinadas a facilitar o axeitamento do currículo sen alteracións significativas de obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Dan resposta ás diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinálanse as seguintes:

- Como medida de concreción da diversidade, propónse unha avaliación frecuente que comece a efectuarse, como é preceptivo, no mesmo inicio do curso.
- Propónse unha organización do curso, a partir da concreción dos niveis de diversidade, na que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente á materia e as súas esixencias. Deste xeito, o alumnado convértese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
- Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madurez intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, propónse unha atención paralela que permita proporcionar actividades motivadoras que supoñan un maior desafío na busca de información e establezan novos

horizontes temáticos e novas conexións entre os contidos, co obxectivo adicional de fomentar a colaboración coas tarefas docentes en beneficio do resto do alumnado.

- Como medida de atención ao alumnado que manifeste dificultades, recibirán unha atención individual segundo as súas dificultades: se radican na comprensión teórica, a persoa docente presentará material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos; se as dificultades están nas actividades prácticas, a persoa docente aumentará o grao de colaboración na esollida do material e na preparación e/ou exposición desas actividades.

- Como medida de atención ao alumnado que se incorpore ao curso unha vez comezado, analizarase cada situación individual con base nos informes da titoría e o Departamento de orientación. En función deses informes propónse unha avaliación individualizada e exhaustiva, a través dunha entrevista persoal, para determinar o grao de competencia tanto nos contidos como nas técnicas usadas na materia. Deseguido, a persoa docente informará ao alumnado implicado, a partir da programación oficial, de todos os aspectos da materia que sexan relevantes. Despois de todo isto, o alumnado implicado atenderase segundo as medidas que se detallan nos aliñados anteriores.

Medidas extraordinarias:

Están destinadas a atender as necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículo ou da organización do proceso de ensino e aprendizaxe.

Serán aplicadas cando as medidas ordinarias de atención á diversidade sexan insuficientes. Aplicaranse en casos nos que as barreiras para conseguir os obxectivos da aprendizaxe sexan extraordinarias, casos que oficialmente se protocolarizan como necesidades educativas especiais (NEE) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Nestes casos, a persoa docente coordinarase co profesorado titor, o Departamento de orientación e a xefatura de estudos, para: elaborar unha proposta de actividades educativas empregando medios precisos para a entrega, seguimento e avaliación; adoptar medidas que promovan a inclusión; e planificar e desenvolver as actuacións destinadas ao axuste no proceso de ensino e aprendizaxe.

Durante o proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Propóranse medidas de reforzo individualizadas para o alumnado implicado.

A parte da atención especial durante o proceso de ensino, para o alumnado NEE ou NEAE serán deseñadas probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. En todo caso, sempre terán como finalidade potenciar o espírito crítico e a autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores		X		X			X	X
ET.11 - A igualdade de xénero		X					X	X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero								
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual		X	X					
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X			X
ET.11 - A igualdade de xénero	X		X	X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X		X	X
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual	X		X	X
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as materias da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 11.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen desde o aliñado 12.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña das temáticas dos mesmos indicados para estas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Catedral de Santiago e roteiro pola cidade	Visitas a espazos patrimoniais e roteiro cultural.		X	
Visita ó Museo de Pontevedra e roteiro pola cidade	Visitas a museos e exposicións e roteiro cultural.			X
Charlas informativas	Relatorios presenciais ou virtuais.	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases: 1) preparación previa, 2) realización da actividade, e 3) avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da mesma.

En relación ás actividades propostas, indicar:

- Visitas a espazos culturais e sitios patrimoniais: visitas a museos e exposicións, así coma lugares patrimoniais que teñan especial incidencia no proceso de aprendizaxe do alumnado polos contidos que se traballan na materia.
- Roteiros histórico-artísticos: organización de visitas dinámicas con explicacións a espazos de especial interese artístico.
- Charlas informativas: relatorios presenciais ou virtuais con persoeiros relacionados co mundo da arte.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalíase e cualifícase segundo o establecido na programación didáctica.
Revísase de forma periódica o desenvolvemento da programación e que esta se cumpra.

Metodoloxía empregada
As sesións están planificadas pero poden modificarse atendendo ás necesidades ou intereses do alumnado.
O profesorado adecúase na súa metodoloxía ás unidades didácticas e as circunstancias específicas.
Conséguese motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras.
Promóvense hábitos de traballo colaborativos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse materiais diversos e propóñense actividades tamén diversas e máis creativas.
Medidas de atención á diversidade
Adecúanse todos os elementos do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado.
Aplícanse os protocolos establecidos no centro e metodoloxías flexibles a cada caso concreto.
Clima de traballo na aula
Foméntase un bo clima de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aténdese e úsanse as canles de comunicación establecidas polo centro coas familias.
Respóndese con dilixencia á solicitude de informes por parte da persoa titora e do equipo directivo.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para axustar o proceso de ensino e aprendizaxe que se programe. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe xunto cuns indicadores, que a persoa docente pode avaliar escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, como observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes).

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación, así como das posibles modificacións ou propostas de mellora, nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

Cara o remate do 3º trimestre realizarase unha enquisa co alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe que se leve a cabo (procedementos, actividades e resultados acadados polo alumnado) para reflexionar acerca das posibles propostas de mellora e así facer as modificacións que se consideren oportunas.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens.

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas por parte do alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores.

4. Os instrumentos que se empreguen para achegarse á información serán variados, entre os que poden estar:

- folla de rexistro (onde anotar os aspectos máis cuantificables)
- diario de aula.
- rúbrica de autoavaliación (que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos)
- estatísticas de resultados
- cuestionarios e enquisas ao alumnado

A información que se obteña incluírase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados